# IV CONCURSO de FOTOGRAFÍA de MONTAÑA

## -II ÉPOCA-



MONTAÑEIROS CELTAS

## EXPOSICIÓN FOTOGRÁFICA

O Club Montañeiros Celtas expón unha mostra de fotografías do "**IV Concurso de Fotografía de Montaña**", seleccionadas polo xurado entre as recibidas para competir no Concurso.

Tamén se expón unha mostra de imaxes das actividades montañeiras da Familia Suárez Alonso.

**EXPOSICIÓN:** Datas: do 16 ao 30 de decembro de 2005 (Día 25, pechado). Horario: de 9.30 a 21.30 horas

**ACTOS:** Venres, 16 de decembro ás 19.30 horas. Inauguración da Exposición e entrega de premios do Concurso Fotográfico. Homenaxe á Familia Suárez Alonso e nomeamento de Ángeles Alonso Rubio como Socia Distinguida de Club Montañeiros Celtas.

**Casa do Libro**
Rúa Velázquez Moreno, 27. Vigo



CASA DEL LIBRO

AS IMAXES DESTE FOLLETO PROCEDEN DE FOTOGRAFÍAS PREMIADAS NO III CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DE MONTAÑA (EDICIÓN 2004).
AUTORES: CARLOS VERDÚ, MARCOS VEIGA, IGNACIO RAFAEL RAMOS, BEGOÑA LANDESA, EMILIO PÉREZ VARELA E PERE FONT.

COVSA
CONSTRUCCIONES, OBRAS E VIAIS, S.A.

ESYControl
INGENIERÍA DE SISTEMAS

Innova Optica

Image Center VigoFoto
FOTOGRAFÍA - IMAGEN DIGITAL - TELEFONÍA

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

DEPUTACION DE PONTEVEDRA

FEDERACION GALEGA DE ESPELEOLOXIA

FEDERACION GALEGA DE MONTAÑISMO

FEE
FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE ESPELEOLOGÍA

FEDME
FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE DEPORTES DE MONTAÑA Y ESCALADA

MONTAÑEIROS

**CLUB MONTAÑEIROS CELTAS**
Avda. Camelias, 78 - oficina K. 36211 VIGO
Apdo. Correos 1836. 36200 VIGO
Tel: 986 438 505 - Fax: 986 912 220
www.celtas.net
e-mail: info@celtas.net

# IV CONCURSO de FOTOGRAFÍA de MONTAÑA

## -II ÉPOCA-



MONTAÑEIROS CELTAS

## PRESENTACIÓN E DEDICATORIA

Este Concurso é un medio para fomentar a fotografía como actividade complementaria dos deportes de montaña e para dar a coñecer ao gran público as belezas que encerran as montañas e a Natureza en xeral. Na pasada edición os participantes procedían de 21 provincias españolas e varios países estranxeiros e as fotografías seleccionadas foron expostas en salas de diversas localidades.

Como en anteriores edicións, Montañeiros Celtas recorda e homenaxea a aqueles socios que máis se distinguiron pola súa dedicación e labor no desenvolvemento do Club.

Nesta ocasión dedícase o Concurso fotográfico á familia formada polo matrimonio Antonio Suárez Vilar e Ángeles Alonso Rubio e os seus fillos Antonio e Santiago, figuras que representan todas as etapas polas que pasou a nosa Sociedade dende os seus comezos. Rescatar do pasado a súa actividade é como facer unha historia do montañismo de Galicia; o moito e bo que fixeron, tanto en tarefas de dirección coma en actividades deportivas e entrega aos demais, valeulles o recoñecemento dos organismos federativos nacionais. Como xusto premio ao seu amplo historial e labor de difusión do noso deporte, Antonio e Ángeles foron galardoados coa medalla de Prata ao Mérito Montañeiro pola Federación Española de Montañismo.

Os seus fillos Antonio e Santiago reúnen entre os dous un dos mellores historiais acadados polos montañeiros vigueses. Formados na Operación Benxamín enseguida lles foron quedando pequenos os cumios galegos e pronto o apelido Suárez soou en todos os macizos peninsulares e nas altas cordilleiras de Europa, Asia, África e América, con escaladas de dificultade, tanto en rocha como en xeo. Por esta longa e importante actividade, a Asociación Nacional de Periodistas Deportivos premia en catro ocasións aos Suárez como mellores deportistas do ano.

Pero a vida ten tamén os seus momentos tristes; Antonio finou víctima de rápida enfermidade aos 56 anos de idade, en 1980, e Santi o 7 de maio de 1989 na ascensión ao Manaslu, a 7.280 metros. Ángeles e o seu fillo Antonio serán os encargados de recibir a homenaxe á que se fixo acredora a Familia Suárez Alonso.



*A Familia Suárez Alonso ao completo, anos 60*

## BASES

1. **CONCURSANTES E OBRAS.** Poderán participar todas as persoas que o desexen, excepto o gañador da edición anterior. Os autores poderán presentar un máximo de dúas fotografías, en cor ou en branco e negro, non premiadas en calquera outro concurso. Só se admitirá un autor/a por obra. A inscrición é de balde.

2. **TEMÁTICA.** Fotografías que estean relacionadas coa montaña e o seu entorno natural e humano: imaxes de alpinismo, escalada, esquí, espeleoloxía, descenso de canóns, paisaxes, flora, fauna, as súas xentes, etnografía...

3. **TAMAÑO E IDENTIFICACIÓN.** O formato fotográfico é libre, cun tamaño de papel mínimo de 20 x 30 cm. e máximo de 30 x 45 cm. As fotografías non deberán ir montadas nin reforzadas sobre cartolina, nin con passepartout, tampouco poderán presentarse enroladas. Farase constar no dorso de cada fotografía só o título da obra (a máis de 1 cm. do borde). Por cada fotografía e nun sobre pechado, indicando "Concurso fotográfico 2005" e o "título da obra, deberá ir unha tarxeta co nome e apelidos do autor/a, enderezo, teléfono, correo electrónico, club de montaña/espeleoloxía/esquí ao que pertence (se é socio dalgún), título da obra e un breve texto explicativo, indicando ao menos o lugar da fotografía e o equipo fotográfico empregado.

4. **PRESENTACIÓN E ENVÍO.** As obras entregaranse na sede do Club Montañeiros Celtas ou serán enviadas ao seu apartado de correos (Apdo. 1836, 36200-Vigo) debidamente protexidas. O prazo límite de admisión de obras será o 25 de novembro do 2005 ás 21.30 horas, non admitíndose ningunha obra que chegue en man ou por correo con posterioridade a este prazo. No sobre indicarase "Concurso fotográfico 2005".

5. **PREMIOS do Xurado.** Cada autor só poderá acadar un premio.
Dotación dos premios:
- 1º Premio: 1.200 euros e trofeo "COVSA"
- 2º Premio: 500 euros e trofeo "ESYControl"
- Premio especial á Mellor fotografía de Escalada/Alpinismo: 300 Euros e trofeo "F.G.Montañismo"
- Premio especial á Mellor fotografía de Espeleoloxía/Descenso canóns: 300 Euros e trofeo "F.G. Espeleoloxía"
- Tres accésit de 50 Euros, xentileza de Innova Óptica.

6. **XURADO E RESOLUCIÓN.** O xurado, composto por especialistas na materia, fará unha primeira selección de 40 fotografías como máximo, e o 15 de decembro adxudicará os premios. O resultado comunicaráselles aos gañadores por teléfono ou correo electrónico e farase público a través da web www.celtas.net o 16 de decembro. As decisións do xurado serán inapelables.

7. **DIFUSIÓN, EXPOSICIÓN E ENTREGA DE PREMIOS.** Club Montañeiros Celtas realizará unha exposición coas obras seleccionadas na céntrica sala de exposicións da Casa do Libro en Vigo, do 16 ao 30 de decembro do 2005, na que se entregarán os premios, nun acto social, o día 16. A continuación e coas mesmas obras, realizarase unha exposición itinerante ata o 30 de xuño do 2006. As obras seleccionadas poderán saír editadas en publicacións posteriores, coa intención de difundir o concurso, sen ánimo de lucro. Nas obras expostas e/ou publicadas indicarase o autor/a.

8. **PREMIO do Público.** Para facer partícipes da Exposición aos seus visitantes, estes poderán votar ás tres fotografías que máis lles gusten. Instalarase unha furna na Sala de Exposicións que será desprecintada o derradeiro día da Exposición, do reconto de votos sairá o seguinte premio:
- Mellor Foto do Público: 150 € en material fotográfico a elixir, xentileza de "VigoFoto"

9. **DISPOSICIÓN DAS OBRAS.** As obras premiadas quedarán en propiedade de Club Montañeiros Celtas, que poderá copialas ou utilizalas sen limitación de medios, tempo ou lugar, para promoción e divulgación, con indicación do nome do seu autor/a. As obras non premiadas poderán ser retiradas polos seus autores no Club, dende o 5 ata o 20 de xullo de 2006. Para a súa posterior devolución postal, os participantes deberán incluír un sobre ao embalaxe adaptada ao tamaño da fotografía/as debidamente cumprimentado cos datos de envío, entendéndose que os que non o fagan renuncian á súa devolución; o envío realizarase por correo ordinario o 21 de xullo de 2006 a cargo da organización, excepto os envíos fóra de España Peninsular que deberán ser abonados polo destinatario. Se as obras non son reclamadas antes do 28 de xullo de 2006, enténdese que o autor renuncia a elas.

10. **OBSERVACIÓNS.** Os participantes responsabilizaranse totalmente de que non existan dereitos de terceiros nas obras presentadas, así como de toda reclamación por dereitos de imaxe. A organización poñerá o máximo coidado na conservación e envío das obras, pero non se responsabilizará das posibles perdas, subtraccións ou deterioro. A organización queda facultada para resolver calquera continxencia non prevista nestas Bases. A concorrencia a este concurso implica a aceptación das presentes Bases.

Consultas: concursofoto2005@celtas.net

## BASES

1. **CONCURSANTES Y OBRAS.** Podrán participar todas las personas que lo deseen, excepto el ganador de la edición anterior. Los autores podrán presentar un máximo de dos fotografías, en color o en blanco y negro, no premiadas en cualquier otro concurso. Sólo se admitirá un autor/a por obra. La inscripción es gratuita.

2. **TEMÁTICA.** Fotografías relacionadas con la Montaña o su entorno natural y humano: imágenes de alpinismo, escalada, esquí, espeleología, descenso de barrancos, paisajes, flora, fauna, sus gentes, etnografía...

3. **TAMAÑO E IDENTIFICACIÓN.** El formato fotográfico es libre, con un tamaño de papel mínimo de 20 x 30 cm. y máximo de 30 x 45 cm. Las fotografías no deberán ir montadas ni reforzadas sobre cartulina, ni con passepartout, tampoco se podrán presentar enrolladas. Se hará constar al dorso de cada fotografía solamente el título de la obra (a más de 1 cm. del borde). Por cada fotografía y en un sobre cerrado, indicando "Concurso fotográfico 2005" y el "título de la obra", deberá ir una tarjeta con el nombre y apellidos del autor/a, dirección, teléfono, correo electrónico, club de montaña/espeleología/esquí al que pertenece (de ser socio de alguno), título de la obra y un breve texto explicativo, indicando al menos el lugar de la fotografía y el equipo fotográfico utilizado.

4. **PRESENTACIÓN Y ENVÍO.** Las obras se entregarán en la sede de Club Montañeiros Celtas o serán enviadas a su apartado de correos (Apdo. 1836, 36200-Vigo), debidamente protegidas. El plazo límite de admisión de obras será el 25 de noviembre de 2005 a las 21.30 horas, no admitiéndose ninguna obra que llegue en mano o por correo con posterioridad a este plazo. En el sobre se indicará "Concurso Fotográfico 2005".

5. **PREMIOS del Jurado.** Cada autor sólo podrá obtener un premio.
Dotación de los premios:
- 1º Premio: 1.200 Euros y trofeo "COVSA"
- 2º Premio: 500 Euros y trofeo "ESYControl"
- Premio especial a la Mejor fotografía de Escalada/Alpinismo: 300 Euros y trofeo "F.G.Montañismo"
- Premio especial a la Mejor fotografía de Espeleología/Descenso cañones: 300 Euros y trofeo "F.G.Espeleoloxía"
- Tres accésit de 50 Euros, gentileza de "Innova Óptica"

6. **JURADO Y FALLO.** El jurado, compuesto por especialistas en la materia, hará una primera selección de 40 fotografías como máximo, y el 15 de Diciembre fallará los premios. Se les comunicará a los ganadores el fallo por teléfono o por correo electrónico y se hará público a través de la web www.celtas.net el 16 de diciembre de 2005. Las decisiones del jurado serán inapelables.

7. **DIFUSIÓN, EXPOSICIÓN Y ENTREGA DE PREMIOS.** Club Montañeiros Celtas celebrará una exposición con las obras seleccionadas en la céntrica sala de exposiciones de la Casa del Libro en Vigo, del 16 al 30 de Diciembre del 2005, donde se entregarán los premios, en un acto social, el día 16. A continuación y con las mismas obras, se realizará una exposición itinerante hasta el 30 de Junio de 2006. Las obras seleccionadas podrán ser editadas en publicaciones posteriores, con la intención de difundir el concurso, sin ánimo de lucro. En las obras expuestas y/o publicadas se indicará el autor/a.

8. **PREMIO del Público.** Para hacer partícipes de la Exposición a sus visitantes, éstos podrán votar a las tres fotografías que más les gusten. Se instalará una urna en la Sala de Exposiciones que será desprecintada el último día de la Exposición, del recuento de votos saldrá el siguiente premio:
- Mejor Foto del Público: 150 € en material fotográfico a elegir, gentileza "VigoFoto".

9. **DISPOSICIÓN DE LAS OBRAS.** Las obras premiadas quedarán en propiedad de Club Montañeiros Celtas, que podrá copiarlas o utilizarlas sin limitación de medios, tiempo o lugar, para promoción y divulgación, indicando el nombre de su autor/a. Las obras no premiadas podrán ser retiradas por sus autores en el Club, desde el 5 hasta el 20 de Julio de 2006. Para su posterior devolución postal, los participantes deberán incluir un sobre o embalaje adaptado al tamaño de la fotografía/as debidamente cumplimentado con los datos de envío, entendiéndose que los que no lo hagan renuncian a la devolución; el envío se realizará por correo ordinario el 21 de Julio de 2006 a cargo de la organización, excepto los envíos fuera de España Peninsular que deberán ser abonados por el destinatario. Si las obras no son reclamadas antes del 28 de Julio de 2006, se entenderá que el autor renuncia a ellas.

10. **OBSERVACIONES.** Los participantes se responsabilizarán totalmente de que no existan derechos de terceros sobre las obras presentadas, así como de toda reclamación por derechos de imagen. La organización pondrá el máximo cuidado en la conservación y envío de las obras, pero no se responsabilizará de las posibles perdidas, sustracciones o deterioros. La organización queda facultada para resolver cualquier contingencia no prevista en estas Bases. La concurrencia a este concurso implica la aceptación de las presentes Bases.

Consultas: concursofoto2005@celtas.net